


A CIVILIZACIÓN GREGA

2. A HISTORIA DOS ANTIGOS GREGOS



A civilización grega non constituíu un Estado unificado. A península balcánica estaba formada por estreitos vales illados entre montañas, polo que cada val e cada illa formaba unha cidade-Estado, pero todas pertenceron a unha mesma civilización, xa que falaban a mesma lingua, o grego, e adoraban aos mesmos deuses.

Os antigos gregos non coñecían o seu territorio como Grecia, senón como a **Hélade**.

Os territorios da Hélade dividíanse entre a **Grecia peninsular** (formada pola península Balcánica e a península do Peloponeso), a **Grecia insular** (destacando as illas Cícladas, as Xónicas e pechando polo sur, a illa de Creta), e as costas de **Asia Menor** (Xonia).

A historia da antiga Grecia divídese en tres grandes períodos:

- **Época arcaica**, entre os séculos IX e VI a.C.
- **Época clásica**, século V e IV a.C.
- **Época helenística**, desde mediados do século IV ata o século I a.C.

CIVILIZACIÓN MINOICA OU CRETENSE



Desenvólvese na illa de Creta no terceiro milenio a.C. dominando o comercio marítimo entre Oriente e Occidente. Gobernada por reis poderosos, que cobraban tributos aos gregos continentais. O máis famoso foi o rei Minos, fillo do mesmo Zeus e da princesa asiática Europa, polo que os seus descendentes foron considerados os primeiros europeos. A súa cidade máis importante foi Cnossos.

CIVILIZACIÓN MICÉNICA

Xurdiu cara ao ano 1600 a.C. cando os aqueos, procedentes do norte, se instaloron nos Balcáns e construíron cidades amuralladas, como Micenas e Tirinto.

A sociedade micénica estaba constituída por guerreiros, gobernados por un rei.

Ao principio a súa economía baseábase na agricultura e na gandería, pero foron substituíndo aos cretenses no control da actividade comercial.



Reconstrución do palacio de Cnosos

Plano do palacio de Cnosos




NACEMENTO DAS POLIS

Entre o século XII e VIII a.C. transcorreu a época escura. A finais dese século, os gregos fóronse agrupando en **polis** ou **cidade-Estado**, que eran cidades con goberno, cunhas leis e cun exército propios.

Nun principio estaban gobernadas por xefes locais. Despois o poder pasou aos máis ricos, que se denominaban **aristoi** (os mellores). **Esparta** foi o primeiro exemplo dunha polis gobernada pola aristocracia.

Durante o século VI a.C. o crecemento da poboación e o pouco rendemento das terras provocou revoltas que deron lugar á aparición da **democracia**. **Atenas** constitúe o mellor exemplo.

EXPANSIÓN COLONIAL GREGA



Grecia viviu un período de crise entre os séculos VIII e VI a.C. Aumento demográfico sen aumento da produción agraria provocou desabastecemento e fame. As terras estaban en mans dunha minoría rica, mentres que os campesiños eran pobres. Moitos gregos emigraron e fundaron cidades (colonias) polo Mediterráneo.

As colonias eran comunidades independentes, mantendo os deuses, costumes e organización das polis das que procedía a súa poboación. Establecéronse preto da costa para comerciar. Tamén buscaban un outeiro desde que defender a cidade.

Como consecuencia das colonizacións, os gregos entraron en contacto con outros pobos, como os fenicios, os etruscos ou os exipcios. Ademais, as colonizacións serviron para estender a civilización grega máis aló das súas fronteiras.


AS POLIS GREGAS




1 Completa o cadro de claves e sitúa os nomes no mapa.

A civilización grega estendeuse por

- _____
- _____
- _____




2 Completa coa axuda dos mapas do tema.



A ÉPOCA CLÁSICA: ESPARTA E ATENAS

A DEMOCRACIA ATENIENSE

O FUNCIONAMENTO DA DEMOCRACIA ATENIENSE



¿QUE É A DEMOCRACIA?


Como as decisións dependen non dunha minoría senón da maioría, isto é unha democracia.

A lei é para todos a mesma e non é a riqueza senón o mérito e mais a capacidade o que fai acceder os homes aos cargos e aos honores.

Os políticos evitan facer aquilo que sexa ilegal pois os cidadáns vixían e supervisan os maxistrados e as leis.


PERICLES. Século V a.C.

INSTRUMENTOS DA DEMOCRACIA




Ostrakon: Fragmento de cerámica sobre o que se escribía o nome do político ao que se quería exiliar. Se 6 000 cidadáns votaban ao mesmo político, este debía exiliarse de Atenas durante 10 anos.

PROCESO DE ELABORACIÓN DAS LEIS EN ATENAS



9. SISTEMA POLÍTICO ESPARTANO



CLAVES PARA ESTUDAR

- Describe as institucións atenienses.
- Compáraas coas espartanas.

PENSA. Parécese o sistema democrático actual á forma de goberno ateniense? Razoa a resposta que deas.

O sistema de goberno espartano, a diferenza do ateniense, foi unha oligarquía, que significa “goberno duns poucos”, coas seguintes institucións:

-Diarquía: dous reis, exercendo o poder militar e relixioso.

-Xerusía ou Consello de anciãos: formado polos anciãos das familias máis prestixiosas e polos dous reis. Propoñían e elaboraban as leis e podían xulgar os reis.

-Éforos: cinco maxistrados con plenos poderes para executar as decisións da Xerusía.

-Asemblea ou Apella. Formada por todos os homes libres maiores de trinta anos. O seu poder era moi limitado. A súa principal función era elixir os éforos e os membros da Xerusía.

SOCIEDADE GREGA



CIDADÁNS: participan en política e no exército, tiñan dereitos e obrigas. Pagaban impostos.

METECOS: eran libres. Pagaban impostos, pero non participaban en política nin posuían terras, aínda que podían formar parte do exército.

ESCRAVOS: non eran persoas libres.

MULLERES: carecían de dereitos. Non podían intervir en política, votar ou asistir a espectáculos públicos.

OS EXCLUÍDOS DA DEMOCRACIA


Mulleres



Os deuses adaptaron a natureza da muller aos traballos e coidados domésticos. Ti, que es unha muller, deberás permanecer no fogar e coidar dos teus fillos.

ARISTÓTELES. Século IV a.C.

Metecos



Fariamos ben en nos interesar nos metecos, pois temos neles unha das nosas mellores fontes de ingresos, aliméntanse a si mesmos e pagan un imposto de residencia.

XENOFONTE. Século IV a.C.

Escravos



É imposible imaxinar realizar determinados traballos sen certos instrumentos. Entre estes instrumentos uns son inanimados e outros, animados.

O escravo é un instrumento vivo. Hai seres inferiores e o emprego da súa forza física é a mellor cousa que podemos tomar deles. Son escravos de seu. A escravitude é xusta.

ARISTÓTELES. Século IV a.C.


A ÉPOCA CLÁSICA: UN PERÍODO DE GUERRAS

Os persas, que habitaban as mesetas de Irán, iniciaron a mediados do século VI a.C. unha grande expansión territorial, sometendo as polis gregas de Asia Menor. No ano 499 a.C. as polis sometidas rebeláronse contra os persas, encabezadas por Atenas. Este foi o comezo das **guerras médicas** (os gregos denominaban medos aos persas). Varias etapas:


-**primeira guerra médica** finaliza en 490 a.C. cando os gregos vencen aos persas na batalla de Maratón.

-Xerxes I, rei persa, inicia a **segunda guerra médica** no 480 a.C., invadindo Grecia polo norte, saqueando Atenas. Derrotou aos espartanos nas Termópilas pero perdeu na batalla naval de Salamina e Platea.

Os atenienses, tras vencer aos persas, viviron un período de grande esplendor. Entre os anos 461 a.C e 429 a.C Pericles dirixiu a política ateniense. Fixo reconstruír a Acrópole.



Guerras Médicas



Acrópole de Atenas

No ano 477 a.C. formouse a Liga de Delos, que mantiña unha flota de guerra para defenderse de ataques persas.

Isto creou unha polarización das polis gregas. Unhas apoiaron a Atenas e outras crearon a Liga do Peloponeso, encabezada por Esparta. A tensión acabou provocando a **Guerra do Peloponeso**, que estalou no ano 431 a.C. No ano 404 a.C. Esparta proclamábase vencedora, aínda que provocou unha crise que debilitou o sistema de cidades-Estado gregas.

Que polis se enfrontaron aos gregos?

Cales controlaron os persas?


Por que estalou a guerra do Peloponeso? Que consecuencias tivo?

Por que se coñece o século V a.C. como o século de Pericles?

A ÉPOCA HELENÍSTICA

A mediados do século IV a.C. Filipo de Macedonia organizou un poderoso exército e, aproveitando a debilidade das polis gregas, no ano 338 a.C. comezou o sometemento de toda Grecia. A súa labor rematouna o seu fillo Alexandre Magno e en 334 a.C. lanzouse á conquista do imperio persa. En poucos anos conquistou Exipto, toda Mesopotamia e chegou ata o río Indo, formando o imperio máis grande xamais visto. Morreu no ano 323 a.C. en Babilonia, cando proxectaba a conquista de Arabia.

Isto foi posible ao seu xenio militar e ao poderoso exército macedonio, organizado en formacións de combate chamadas falanxes.



Chamouse helenismo a expansión da cultura grega por Asia e polo norte de África e a fusión da cultura grega coa cultura oriental. O período helenístico foi unha etapa de grande esplendor cultural.

O mundo helenístico foi un espazo de grandes cidades. Ás que xa existían uníronse outras novas como Pérgamo e Alexandría. As novas cidades dispoñían de importantes edificios, como santuarios, bibliotecas, museos, etc.

Alexandre Magno morreu sen deixar descendencia. Os seus xenerais dividiron o territorio, adoptaron o título de reis e fundaron as monarquías helenísticas. Destacaron Exipto, Mesopotamia, Tracia e Macedonia.

Describe a ruta que seguiu Alexandre Magno.

Enumera os territorios do Imperio de Alexandre Magno.

Explica que foi o helenismo.

Que diferenzas había entre o goberno de Atenas clásica e as monarquías helenísticas?

A RELIXIÓN GREGA. OS DEUSES. OS MITOS

21. PRINCIPAIS DEUSES GREGOS



→ SABER FACER



Ler un mito: Orfeo e Eurídice

Para comprender un mito debes ter en conta os seguintes aspectos:

- Quen son os protagonistas.
- Os elementos fantásticos que hai.
- A relación existente entre o mito e as crenzas do pobo que o creou.

FAINO ASÍ

- 12** • Enumera os personaxes que se mencionan na narración e indica unha característica de cada un.
- Resume brevemente o mito de Orfeo e Eurídice.
 - Observas algún elemento de carácter fantástico no texto?
 - Que ensinanza se pode extraer do mito de Orfeo e Eurídice?

Orfeo era fillo do rei de Tracia e da musa Calíope. Apolo regaláralles unha lira e coa súa música era capaz de calmar as bestas salvaxes e, incluso, de deter o curso dos ríos.

Estaba casado coa ninfa Eurídice, pola que sentía un profundo amor. Un día, mentres Eurídice paseaba pola beira do río, atopouse co pastor Aristeo. Este, cativado pola súa beleza, perseguiuna polo campo. Eurídice tratou de escapar, pero unha serpe venenosa mordeuna e faleceu.

Ao decatarse, Orfeo decidiu viaxar aos infernos. Aplacou os habitantes do inframundo coas melodías da súa lira e suplicoulle a Perséfone, filla de Zeus e Deméter, e raíña do mundo subterráneo, que lle devolverse a súa muller.

A Perséfone conmoveuna tanto a pena de Orfeo que accedeu á súa petición cunha condición: non podería mirar a Eurídice durante o camiño de regreso ao mundo dos vivos. Orfeo aceptou a condición imposta por Perséfone e emprendeu a viaxe de volta.

Ao achegarse ao final do traxecto, Orfeo comezou a dubidar sobre se a súa amada o seguía. Sen dar resistido, xirou a cabeza e mirou cara a atrás, co que incumpriu así a súa promesa.


Nese mesmo instante, Eurídice esvaeceuse ante os ollos de Orfeo e regresou para sempre ao mundo dos mortos.



ARTE GREGA

ARQUITECTURA

Os edificios principais eran os templos. Realizados en pedra (mármore, pedra calcaria..) e pintábanse de cores. Tiñan planta rectangular. Os gregos non utilizaron o arco nin a bóveda, senón que cubrían os templos con teitos planos que sostiñan por columnas.




22. Planta dun templo grego.

A. Pronaos. B. Naos. C. Opistodomo.


Pronaos: vestíbulo.

Naos ou cella: sala principal, onde se gardaba a estatua da divindade.

Opistodomo: lugar en que se depositaban as ofrendas.



23. OS ELEMENTOS DO TEMPLO GREGO




Define: pronaos, naos, opistodomo

Parécense os templos gregos aos templos exipcios? Razoa a resposta.

A que orde grega pertence o templo da imaxe superior?

As ordres gregas




Columna dórica

O fuste está acanalado com arestas vivas. Non ten base. O capitel é liso.



24. Templo dórico do Partenón (Atenas).




Columna xónica

O fuste está acanalado com arestas suaves. Apóiasen nunha base. O capitel está decorado con volutas.



25. Templo xónico de Atenea Niké (Atenas).



Columna coríntia

O fuste está acanalado com arestas suaves. Apóiasen nunha base. O capitel está decorado con follas de acanto.



26. Columnas do templo coríntio de Zeus (Atenas).

ESCULTURA

Interese por buscar a beleza ideal do corpo humano espido. Esta beleza baseábase nas proporcións harmoniosas, para o que estableceron un canon, é dicir, unha regra para representar as proporcións humanas.

Os materiais utilizados foron o mármore e o bronce. Case todas as esculturas se pintaban de vivas cores, que non se conservaron. Moitas obras perdéronse e son copias romanas.




Clasificar esculturas gregas

Para identificar a etapa á que pertence unha escultura grega fíxate nestes aspectos:

- **O movemento.** Se a escultura é de aspecto estático, corresponde á época arcaica; se indica movemento, é da época clásica; e se se enche de movemento, é helenística.
- **A expresión.** Nas primeiras esculturas, os trazos eran esquemáticos e inexpressivos; na época clásica a expresión fíxose máis natural e serena; na etapa helenística os rostros eran moi expresivos.
- **A composición.** As esculturas da etapa clásica son harmoniosas e de composicións equilibradas.

Esculturas de época clásica

Son máis realistas e adquiren certo movemento, pero equilibrado. Abandónase a frontalidade. Os rostros son serenos. Representábase a beleza ideal do corpo.



Representa un atleta no momento de lanzar o disco. O corpo insinúa movemento.

O rostro non reflicte a tensión do lanzamento.

29. *Discóbolo*, obra de Mirón.


Esculturas de época helenística

Énchense de movemento. Os rostros son moi expresivos e moitas veces reflicten actitudes atormentadas. As composicións son complexas; as figuras retórcense.

Expresión angustiada

Representa un sacerdote tratando de liberar os fillos dunhas serpes enviadas por Apolo.

Figuras retortas



30. *Laocoonte*, obra anónima.


INTERPRETAR CERÁMICAS GREGAS

Para saber diferenciar as cerámicas deben analizarse os seguintes aspectos:


1. Forma, tamaño e función.



Ánfora
Servía para transportar e conservar líquidos.



Crátera
Nela mesturábase a auga e o viño, pois os gregos rebaixaban o viño. A boca era moi ancha para introducir as copas e sacar o líquido.



Hidria
Usábase para levar auga desde as fontes públicas á vivenda.



Lekythos
Xerra pequena para perfumes, bálsamos e aceites.



Kylis
Copa para beber.



Pixis
Tarro para gardar xoias e artigos de tocador.

2. **Escena.** As cerámicas gregas estaban decoradas con motivos moi variados. Nun principio representábanse exclusivamente escenas mitolóxicas, pero axiña se plasmaron tamén escenas da vida diaria.

3. **Cor e época.** Na **época arcaica**, as figuras pintábanse de cor negra sobre fondo avermellado. Na **época clásica**, as figuras pintábanse de vermello sobre fondo negro. Na **época helenística**, as figuras pintábanse de varias cores sobre fondo branco.

URBANISMO GREGO

PERSONAXE	SÉCULO	CAMPO	FEITOS DESTACADOS
Tales de Mileto	VII-VI a.C.	Astronomía e matemáticas	Considerado o primeiro científico da historia, deu unha explicación do universo sen recorrer a poderes sobrenaturais.
Pitágoras	VI a.C.	Matemáticas	Sentou as bases da xeometría.
Herodoto	V a.C.	Historia	Considerado o pai da historia, preocupouse por separar os feitos certos das lendas.
Sócrates	V-IV a.C.	Filosofía	Está considerado o pai da ética e da filosofía moral.
Platón	V-IV a.C.	Filosofía	Defendeu que o verdadeiro mundo é o das ideas. Propoñía que as persoas actuasen conforme á razón e buscasen a verdade, a beleza e o ben.
Hipócrates	V-IV a.C.	Medicina	Considerado o creador da medicina científica, rexeitou as explicacións máxicas ou relixiosas das enfermidades.
Aristóteles	IV a.C.	Filosofía	Na súa <i>Lóxica</i> sentou as bases do razoamento. Propuxo unha ciencia baseada na dedución a partir da observación.
Aristarco	IV-III a.C.	Astronomía	Investigou sobre a rotación e a translación da Terra.
Arquímedes	III a.C.	Física e matemáticas	Formulou o <i>Principio de Arquímedes</i> sobre o desprazamento dos corpos nos fluídos, estableceu a lei da panca e inventou a polea composta.
Eratóstenes	III-II a.C.	Xeografía	Demostrou que a Terra é esférica e realizou un mapa do mundo.

A LITERATURA

Os gregos desenvolveron os fundamentos da poesía, da traxedia e da comedia tal e como as entendemos hoxe.

No campo da **poesía** destacou **Homero**, autor da *Ilíada* e da *Odissea*. A *Ilíada* narra un episodio da guerra de Troia arredor do heroe Aquiles, mentres que a *Odissea* relata as aventuras de Odisseo (Ulises) desde a toma de Troia ata o seu regreso a Ítaca. Outro poeta destacado foi **Píndaro**, que enxalzou nas súas obras os atletas vencedores nos Xogos Olímpicos.

O **teatro**, como o coñecemos, foi unha creación grega.

- As primeiras representacións teatrais foron **traxedias**, en que se escenificaba o momento máis dramático da vida dun heroe. Destacan **Esquilo**, **Sófocles** e **Eurípides**, que teñen obras que seguen representándose na actualidade.
- Posteriormente apareceu a **comedia**, que criticaba a sociedade grega da época a través de situacións de leas. **Aristófanes** foi un dos grandes autores de comedias.